



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xaneiro 2018

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no primeiro mes deste ano 2018 acadou a cifra de 973.462 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao mes de decembro de 2017 de 11.986 afiliacións (un -1,22%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.282.031, rexistrando un descenso do 0,97% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2018 con xaneiro de 2017) obsérvase o comportamento contrario, é dicir, un incremento de 22.715 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,39%), e un incremento do 3,44% (607.856 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2017 os maiores descensos rexístranse en: Cantabria (-1,72%), Comunitat Valenciana (-1,41%) e Extremadura (-1,38%). La Rioja, cunha taxa do -0,53%, é a que presenta o mellor comportamento xa que ningunha das comunidades autónomas presenta taxas intermensuais positivas.

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Canarias, Illes Balears, Murcia e Madrid (todas elas con taxas por riba do 4%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,44%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.282.031	-178.170	-0,97	607.856	3,44
Galicia	973.462	-11.986	-1,22	22.715	2,39
Andalucía	2.992.709	-19.244	-0,64	99.342	3,43
Aragón	550.030	-4.231	-0,76	19.567	3,69
Asturias	356.053	-4.648	-1,29	6.458	1,85
Illes Balears	409.427	-4.343	-1,05	17.360	4,43
Canarias	780.557	-5.935	-0,75	33.633	4,50
Cantabria	208.025	-3.635	-1,72	5.497	2,71
Castilla La Mancha	673.917	-8.580	-1,26	25.728	3,97
Castilla y León	890.516	-11.139	-1,24	17.250	1,98
Cataluña	3.267.647	-32.537	-0,99	109.278	3,46
Comunitat Valenciana	1.809.132	-25.872	-1,41	67.623	3,88
Extremadura	379.709	-5.301	-1,38	7.743	2,08
Madrid	3.060.467	-25.155	-0,82	119.112	4,05
Murcia	553.516	-3.527	-0,63	21.935	4,13
Navarra	271.562	-2.775	-1,01	9.433	3,60
País Vasco	935.931	-8.056	-0,85	19.829	2,16
La Rioja	124.759	-670	-0,53	3.534	2,92
Ceuta e Melilla	44.613	-535	-1,18	1.822	4,26

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,09%, o que supón 10.078 afiliacións máis, seguida de A Coruña cunha taxa interanual do 2,19% e Lugo (1,71%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.688 afiliacións máis que en xaneiro de 2017, un incremento relativo do 1,70%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro de 2017, rexistrouse un descenso en Galicia do 1,22%. Todas as provincias amosan un dato negativo presentando os menores descensos Lugo (-0,97%) con 1.170 afiliados menos e Ourense (-1,14%) con 1.166 afiliacións menos que en decembro de 2017.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	417.408	-4.994	-1,18	8.951	2,19
LUGO	119.035	-1.170	-0,97	1.998	1,71
OURENSE	100.852	-1.166	-1,14	1.688	1,70
PONTEVEDRA	336.167	-4.656	-1,37	10.078	3,09
GALICIA	973.462	-11.986	-1,22	22.715	2,39
ESPAÑA	18.282.031	-178.170	-0,97	607.856	3,44


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,1% das afiliacións galegas en xaneiro de 2018, descendieron un 1,33% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,48%. En España estas taxas foron do -1,09% con respecto a decembro de 2017 e do 4,10% en relación ao mes de xaneiro de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas aínda que é Pontevedra a que amosa un descenso máis moderado (-0,67%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,01%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2017, estas taxas son tamén negativas nas catro provincias e temos así unha taxa do -0,48% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta unha variación negativa nos datos con respecto a decembro de 2017 (-0,34%) e unha variación interanual, con respecto a xaneiro de 2017, positiva (0,52%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a xaneiro de 2017 son positivas en A Coruña e Lugo e negativa en Pontevedra (-0,55%); o que fai que a taxa galega sexa do -0,25% fronte ao dato positivo de España (0,58%). No caso das taxas intermensuais todas as taxas son negativas sendo A Coruña a que arroxa o peor dato (-6,69%) e a taxa galega amosa así un descenso do -4,56% con respecto a decembro de 2017.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2018	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	417.408	-1,18	2,19
LUGO	119.035	-0,97	1,71
OURENSE	100.852	-1,14	1,70
PONTEVEDRA	336.167	-1,37	3,09
GALICIA	973.462	-1,22	2,39
ESPAÑA	18.282.031	-0,97	3,44
R. XERAL			
A CORUÑA	325.791	-1,26	3,11
LUGO	82.493	-1,19	3,14
OURENSE	75.949	-1,31	2,69
PONTEVEDRA	256.640	-1,47	4,31
GALICIA	740.873	-1,33	3,48
ESPAÑA	15.025.514	-1,09	4,10
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.801	-0,49	-1,03
LUGO	34.991	-0,40	-1,48
OURENSE	24.903	-0,63	-1,20
PONTEVEDRA	66.353	-0,46	-0,67
GALICIA	212.048	-0,48	-1,01
ESPAÑA	3.193.892	-0,34	0,52
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.816	-6,69	0,21
LUGO	1.551	-2,15	0,58
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.174	-3,87	-0,55
GALICIA	20.541	-4,56	-0,25
ESPAÑA	60.224	-2,26	0,58

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>